

Manuel Iglesias Turnes: «Dóeme ver terra fértil, de alto valor agrícola, abandonada»

[Patricia Blanco](#) Carballo / La Voz / Cabanas

29 de abril de 2022

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/cabanas/2022/04/28/manuel-iglesias-turnes-doeme-ver-terra-fertil-alto-valor-agricola-abandonada/0003_202204C28E10991.htm

Manuel Iglesias Turnes publicou este 2022 a súa terceira novela, de novo en **Xerais**. [Os soños de Miguel](#) chega logo de *As rapazas de Xan* (2012) e *Que non te aten* (2016). En todas elas, unha reivindicación e **un orgullo do rural**. Conta con facer presentacións na [Costa da Morte](#) aló para xuño ou setembro, porque fronte a el soen sentar moitos gandeiros, como sabe por experiencia en [Vimianzo](#), Carballo ou [Muros](#) e, di, ninguén vai parar a milleira, o silo ou as máquinas por un acto a deshora. E el quere agardar por eles. Polo de pronto, anda presentando a obra noutros puntos de Galicia, e con moi boa acollida.

—Como van estes «Soños»?

—Ata que o libro non ten o visto bo dos lectores, eu teño dúbidas, un certo pudor, e con este igual me pasou máis. Vai ben, a editorial sacou unha edición ampla e xa saíu a maioría nestes catro meses. Non contaba con todo isto. Que escribas algo e acabe publicado en Xerais, das editoriais galegas máis potentes... De *As rapazas de Xan* van sete edicións, é moito máis do que podería agardar.

—Por que se lanzou a escribir?

—Veño do mundo da gandeiría, sempre traballei con gandeiros, primeiro dende unha asociación de criadores de frisoa [**Afriga**] e logo con actividade comercial tamén ligada ao sector [para a mellora xenética da variedade Holstein]. Non teño nada que ver coa escrita, non son filólogo nin xornalista, pero a perda dun ser querido levoume a un estado emocional descoñecido. Deume por escribir, case de forma compulsiva, e todo o demais veu dado. De repente vinme cunha historia montada, cuns personaxes que para min tiñan vida, que se movían, falaban... Fun o primeiro sorprendido. Publicar con 62 anos, por vez primeira, unha trama ata certo punto complexa, con moitas familias interactuando...

—E todo o que escribe pasa nunha aldea, a súa, onde naceu. [Cabanas](#), na Baña.

—Iso si que o tiven claro. Lese por aí que retratas a túa aldea, retratas o mundo. O escenario nunca se esgota. Coñezo os espazos nos que viven os personaxes, é o meu método de escritura.

—**Coñeceu coa súa actividade profesional a [Costa da Morte](#)?**

—Ui, moito! Non podería nomear aldeas porque me quedarían moitas fóra. Pero por Reparada e a parroquia de Salto, mais ca clientes e antes socios da entidade da que estaba ao fronte, tiña unha familia. Por Cores, en [Ponteceso](#), por [A Laracha](#)... A todos lles enviaría un saúdo. Sempre fun ben tratado no rural. En Afriga estiven dende o minuto cero, fixen o primeiro socio e cando deixei a asociación andaban por mil e pico. Tivo un peso clave na transformación da agricultura tradicional, no paso das vacas de traballo a un rural dedicado á produción de leite, profesionalizado. Deu pé a que hoxe sexamos unha potencia. Estiven nese comezo.

—**Ese cambio é xusto o contexto histórico desta última novela, [«Os soños de Miguel»](#).**

—Exacto, ese momento no que as vacas colgan o xugo e a xente, o sacho, como digo nas presentacións. Eu teño a idade do protagonista, os dous nacemos no 50.

—**Cara onde ve ir o rural?**

—A miña percepción agora é dende fóra, son un xubilado, pero creo que son tempos incertos. Galicia está entre as oito zonas de Europa máis importantes de produción láctea, pero é onde menos cobramos o leite. Semella que van moitos anos maltratados, mesmo que sobramos.

—**Coa guerra fálase de produción propia, soberanía alimentaria...**

—Fálase, pero é que se puxo tanto empeño en botar a xente do rural... Habilitáronse plans de abandono a cambio de pequenas pensións. Dóeme a alma ver terra fértil, en entornos coma [Ponteceso](#), cun valor agrícola altísimo, abandonada. Mentres, corremos ao súper coa carteira na man para comprar unha leituga ou unha mazá que vén de non sei onde, a miles de quilómetros, co que iso supón xa de impacto para o medio. Non sei se aprenderemos algo, pero é tempo de reflexión.

—**Cre no regreso ao campo que se pareceu ver na pandemia?**

—Se pechan as escolas, se as Administracións eliminan servizos por non ser rendibles, a xente vai ir a onde si os haxa. Se houbo axudas para mercar un piso de protección oficial nunha cidade, pero non para arranxar unha casa na aldea... Todo leva ao mesmo camiño, vivir de costas ao rural. Agora fálase e escíbese bonito de agricultura de proximidade e demais, pero a iso hai que poñerse, planificalo, crear liñas de apoio.

As rapazas de Xan é unha novela ambientada na posguerra. *Que non te aten*, no 2015, con gandeirías actuais, 200 ou 300 vacas, gandeiros con grandes coches, tecnoloxía, licenciaturas... No medio estaría o último libro, *Os soños de Miguel*, anos 70 de cambio para todos: do autoconsumo a produción profesionalizada. Dos **libros corais de Manuel** os lectores reportan a **emoción**, a **lembianza**. *Os soños de Miguel* son un recordo a esa xente que traballou «de sol a sol», «tantas veces esquecida, pouco valorada...».

—**Pois cantas carreiras se pagaron con ese esforzo, co leite.**

—A dedicatoria desta última novela é para eses gandeiros hoxe xubilados, protagonistas do cambio, que lle entregaron a fillos ou netos unha explotación funcionando. Esa xeración é a deste libro. Miguel hoxe sería un avó.

—Aínda vive en [Cabanas](#)?

—Vivo nunha aldea de Santiago. Fomos moitos irmáns. Daquela, un quedaba na casa e os outros íanse. Eu marchei con 20 anos de Cabanas. Inicialmente fun a un piso, pero o primeiro que fixen na vida, xa cando tiña unha familia propia, foi comprar un terreo nunha aldea de Santiago, e facer alí casa. Son un labrador, cultivo para que todo o que poida vir da miña horta non veña doutro lado. Achégome á cidade cando fai falta, ao [teatro](#), ao cine, a unha conferencia, pero nunca abandonei a terra, a lingua, aquilo que aprendín de neno na aldea.